



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Exteriores  
e coa Unión Europea



cooperacióngalega

galicia

## **Resolución da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE pola que se acorda que a suspensión de prazos para a tramitación de procedementos non afecta a execución dos proxectos de cooperación cuxas subvencións xa foron aprobadas**

A disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na redacción dada polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, prevé que as entidades do sector público poidan acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 24 de abril de 2020, sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico, autorizouse que poida acordarse, polo órgano concedente da subvención, mediante resolución debidamente motivada, a continuación dos prazos de execución da actuación ou proxecto subvencionado ou dos prazos de xustificación ou comprobación e pagamento que estivesen pendentes en relación coas subvencións concedidas, no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Tendo en conta que os proxectos nos que é posible seguir executando actividades seguen en marcha, de acordo ao propio espírito do Real Decreto 463/2020, de evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses lexítimos do interesado, non só das entidades beneficiarias das axudas, senón, e sobre todo, das persoas ás que se dirixen os proxectos.

Con base ao anteriormente exposto, e co obxectivo de que as entidades beneficiarias das subvencións concedidas poidan seguir atendendo ás poboacións máis vulnerables e seguir traballando en prol dunha cidadanía crítica e solidaria, tanto en Galicia como nos países empobrecidos onde se están a levar a cabo os proxectos, esta Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Acorda:



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Exteriores  
e coa Unión Europea



galicia

Que a suspensión de prazos non afecta á execución dos proxectos de cooperación para o desenvolvemento, é dicir, aos proxectos de cooperación no exterior, aos proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, e aos proxectos de investigación para o desenvolvemento cuxas subvencións xa foron aprobadas.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE  
Jesús Gamallo Aller

